



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑA CON ACNUR (COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIONS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “PROTECCIÓN E RESPONSA Á VIOLENCIA SEXUAL E DE XÉNERO DE POBOACIÓN REFUXIADA CONGOLEÑA EN UGANDA”

(1) Consonte a Resolución publicada no Boletín Oficial del Estado de 4 de agosto de 2018 faise público o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento do *Pacto de Estado contra a violencia de género* polas CC.AA, tendo en conta as súas competencias na materia.

No caso de Galicia o Estado puxo a disposición estes créditos no orzamento da Secretaría Xeral de Igualdade quen, dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos, puxo a disposición destes organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes. Entre ditos organismos se atopa a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colaborará no cumprimento das medidas 36 e 37 do Pacto de Estado.

A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia e o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes:

No ano 2008 asinouse coa Asociación España con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados, un Acordo marco de colaboración a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de axuda humanitaria en apoio ás persoas refuxiadas. Nese mesmo ano asinouse a primeira addenda ao Acordo Marco por valor de 50.000 € para actuacións no Chad.



Nos anos 2009 e 2010 asináronse dúas novas addendas para a prestación de axuda de emerxencia ás persoas desprazadas internamente en Somalia e para a poboación refuxiada en Uganda, por importe de 60.000 € e 50.000 €, respectivamente.

No 2011, trala extinción da FAHG, asinouse un convenio de colaboración a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE por importe de 25.000 € para o apoio aos refuxiados no leste do Chad, ao que se lle deu continuidade no 2012, asinando un novo convenio de 25.000 € para contribuír a paliar a emerxencia nutricional nos campos de refuxiados de Dadaab, en Kenya. No 2013 asinouse un novo convenio para paliar as consecuencias do conflito sirio por 10.000 €, nos anos 2014, 2015 e 2016 asinouse un convenio por 20.000€ cada ano, que deu acceso a auga potable as persoas refuxiadas sudanesas no leste do Chad. No ano 2017 o obxecto do convenio asinado por un monto de 20.000 € foi o de prestar asistencia básica á poboación siria refuxiada en Xordania. No 2018 continuou a prestación de asistencia aos refuxiados sirios neste caso no Líbano.

En resumo, o importe das achegas da Xunta de Galicia a actuacións de acción humanitaria a través da Asociación España con ACNUR no período 2008-2018 ascende a 320.000 €.

(3) **Finalidade** co fin de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade España con ACNUR para dar protección e resposta á violencia sexual e de xénero de poboación refuxiada congoleña en Uganda, en cumprimento da medida 36 *do Pacto de Estado contra la violencia de género*, tense previsto formalizar co comité español do ACNUR o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O convenio ten por **obxecto** contribuír á protección dos dereitos fundamentais e mellora das condicións de vida da poboación refuxiada da República Democrática do Congo na provincia de Hoima, Uganda, a través da redución da incidencia da violencia sexual e de xénero a través da sensibilización e capacitación das comunidades e o empoderamento socio económico a longo prazo das mulleres no asentamento de Kyangwali.





(5) Tendo en conta as especificidades deste convenio enmarcado *no Pacto de Estado contra a violencia de género* e as que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de cento trinta mil euros (130.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela

